

## TEXTOS PARA CORRIXIR PREGUNTA 1

### **1 A nova monarquía dos Reis Católicos.**

A finais do século XV, ten lugar o matrimonio de Isabel de Castela e Fernando de Aragón. Durante este reinado produciuse a chamada unión dinástica, que consistía na completa unión territorial dos reinos da Península Ibérica formando o reino de España. Ademais, para completar este proceso de unificación, levaron a cabo as conquistas de Granada (1492) e de Navarra, a expulsión dos xudeus da Península e a institución da Santa Irmandade, organismo relixioso encargado de xulgar aos considerados herexes e favorecer a unificación relixiosa.

### **2 A configuración do imperio español no século XVI.**

A política exterior de Felipe II tivo importantes fronteiras na loita pola hexemonía europea. Por unha banda, continuaba a guerra contra Francia, na cal as tropas de Felipe II obtiveron unha importante victoria na Batalla de San Quintín (1557), e rematou a guerra coa firma da paz e o matrimonio do rei con Isabel de Valois. Por outra banda, os turcos venceron na Batalla de Salamina (1571), o cal supuxo un forte golpe á política exterior. A todo iso uníronse os conflitos político-relixiosos en Flandes, con Guillermo de Orange á cabeza, e a guerra contra Inglaterra, na que un intento por conquistar Escocia por parte de Felipe II tivo como consecuencia a derrota naval da Armada Invencible (1588) por parte dos ingleses.

### **3 A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos.**

Felipe IV nomea valido ao duque de Lerma, este gobernante vai pretender manter a hexemonía en Europa, para iso tenta que todos os reinos da monarquía hispánica contribúan aos gastos bélicos en igual maneira e que non sexa Castela a única que paga; para iso iniciou un programa chamado Unión de Armas (1625). Este intento de centralización provoca a progresiva unificación e un firme apoio de tódolos territorios da monarquía, que conducirá a maiores victorias e unha maior expansión do Imperio Hispánico e a súa hexemonía.

#### **4 Economía e sociedade na Galicia dos Austrias.**

A Galicia dos séculos XVI e XVII presenta características semellantes ás doutros territorios da Monarquía Hispánica: sociedade moi estamental, desigualdade e dominio dos sectores privilexiados. Dentro destes, destacan os fidalgos, que son membros do alto clero que controlan as posesións e perciben un importante dezmo. No século XVII, na agricultura prodúcese innovacións coa introdución do arroz e da soia, cultivos fundamentais que comezarán a ser a base económica e mesmo culinaria no campo galego.

#### **5 Conquista e colonización de América: Leis de Indias, revolución dos presos.**

As terras foron repartidas entre os colonos a través dunha institución chamada encomenda, que consistía na asignación, por parte dos xefes das expedicións, das terras arrebatadas aos indíxenas, que eran conferidas a campesiños españois que as traballaban en réxime de semiarrendamento. Tamén existían outros como a mita, que obrigaban a traballar aos indíxenas, por sorteo, nas minas ou nas obras públicas. Para velar polos indios que adoitaban a recibir maltrato por parte dos encomenderos, xurdiron voces na súa axuda como frei Bartolomé de las Casas e frei Antonio de Montesinos. Os reis promulgaron leis nesa dirección, as famosas Leis de Toro de 1510, que poñían á poboación indíxena baixo a protección da Coroa. A súa eficacia foi limitada debido a distancia dos monarcas respecto do territorio.

#### **6 O cambio dinástico e a guerra de Sucesión.**

Felipe de Anjou foi designado rei de España por Luis XIV de Francia, o seu avó, e tomará o nome de Felipe V, iniciando a dinastía Borbón. A nivel internacional Inglaterra, potencia en ascenso, vai a cuestionar o excesivo poder da dinastía de Borbón, e, de acordo con Holanda e Austria (coas que forma a Gran Alianza da Haia) vai propor como rei de España ao archiduque Carlos fillo do emperador austríaco. Este feito acende unha guerra a nivel europeo a partir de 1701 que terá varios escenarios e que, en principio, non foi favorable aos intereses borbónicos. O problema para Felipe V agrávase cando os territorios da Coroa de Castela xuran fidelidade ao archiduque, converténdose a guerra tamén nunha contenda civil española ao contar Felipe V co apoio incondicional de Aragón e Granada.

## **7 Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.**

Como consecuencia da guerra de Sucesión, Felipe V anula os foros dos territorios da Coroa de Aragón nos coñecidos como Decretos de Nova Planta: en 1707 en Valencia e Aragón, en 1715 para Mallorca e en 1716 para Cataluña. Manteñen as súas leis e son gobernadas polas súas institucións tradicionais, como as Cortes. Pola contra, suprimiuse o privilexio de estranxeiría e xa non se consideraban estranxeiros en Castela e podían optar a todos os cargos. Tamén se suprimen as aduanas e fronteiras interiores. Os territorios con foros (leis propias e ampla autonomía) que permaneceron fieis a Felipe V conservaron os seus privilexios: Álava, Guipúzcoa, Biscaia e Navarra. Con estas medidas o monarca pretendía manter a idiosincrasia tradicional dos reinos que herda dos Austrias, que se caracterizaban por unha forte descentralización, ao mesmo tempo que insta a monarquía absolutista (seguindo o modelo francés).

## **8 O reformismo borbónico en Galicia**

Na Armada, Patiño decretou a reorganización territorial en 1726, creáronse tres *Departamentos Marítimos*, do Norte, de Mediodía e Levante, onde foron construídas as correspondentes bases navais. Serviron como puntos de defensa estratéxicos e á súa vez como lugares de construción da frota. Froito desta reforma, Vigo, elixida polas excelentes condicións defensivas da súa ría, pasou de ser un pequeno pobo de pescadores a principios do XVIII á cidade máis poboadada de Galicia ao finalizar o mesmo Para a tarefa de recrutamento na Armada creouse a Matrícula do Mar en 1737, un sistema segundo o cal flexibilizábanse as condicións de matrícula de novos mariñeiros e outorgábase unha formación inicial específica que mellorou as capacidades e actitudes das tripulacións. Os que o fixesen quedaban obrigados a servir nos buques da Armada cando fosen requiridos para iso ata os 60 anos. Obtiñan por iso unha serie de privilexios.

## **9 A Ilustración en España**

O movemento cultural e filosófico coñecido como a Ilustración se plasmou na práctica política no denominado Despotismo Ilustrado, que non é máis que unha práctica de goberno que pretende democratizar as institucións e favorecer a separación de poderes. Pode definirse na frase “ Todo o poder para o Pobo”. O monarca español Carlos III foi un dos maiores expoñentes do Despotismo Ilustrado no mundo. Rodeouse de secretarios coma Esquilache, Floridablanca ou Campomanes dispostos a implementar reformas en diversos campos como a agricultura, ou a educación. Esquilache leva a cabo un vasto programa de reformas, pero gañouse a impopularidade en Madrid ao decretar unha medida para recortar o chapeu e a capa longa que favorecía a impunidade dos delincuentes; ante esta medida e a carestía da vida, iníciase o chamado motín de Aranjuez en 1766. Tamén se buscou un reforzamento do poder real fronte a igrexa coa expulsión dos franciscanos en 1767.

## 10 O papel da muller na Idade Moderna

Xuridicamente, as mulleres estaban subordinadas aos homes, tanto legal como moral e laboralmente, dentro das estruturas sociais patriarcais das sociedades europeas do momento. Esta subordinación estaba xustificada polos fortes valores relixiosos e morais imperantes no Antigo Réxime. No ámbito laboral, as mulleres tiñan un papel activo en diferentes tarefas, compartindo o traballo agrícola co resto dos membros da familia. En algúns casos, tamén traballaban na produción téxtil, participando na transformación do liño e da seda. A necesidade de reunir unha dote para casar facía que moitas mulleres deixasen o campo para traballar no comercio con vistas a conseguila cos diñeiros que gañaban na venda das manufacturas que se producían na casa. Unha alternativa para as mulleres era entrar no clero como monxas, o que implicaba vivir baixo as regras das ordes relixiosas. Aí, unhas poucas mulleres podían ascender na xerarquía eclesiástica e chegar a abadesas de mosteiros, aínda que a súa relevancia seguía sendo limitada.

A Ilustración, a partir do século XVIII, comezou a reivindicar dereitos importantes para conseguir a igualdade plena entre homes e mulleres e loitar polo sufraxio feminino.